

INFORME DA SECRETARÍA DE MULLERES DO STEG SOBRE A SITUACIÓN DA IGUALDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS

A Asemblea de Mulleres do STEG vén de colaborar na terceira fase do proxecto Xeración Contrainfo, un proxecto de Educación para o Cambio Social impulsado por AGARESO, orientado a traballar as desigualdades entre homes e mulleres existentes entre a rapazada adolescente

Para iso a Asemblea de Mulleres do STEG fixo chegar a todo o profesorado galego, o pasado mes de decembro, a enquisa elaborada por AGARESO, orientada a recoller a súa visión sobre a situación da igualdade no eido educativo galego.

Na enquisa participaron un total de 199 persoas das cales o 66% foron mulleres, o 32% homes e o 2% persoas non binarias; do total, o 17% pertence o colectivo LGTB, no que tamén son maioritarias as mulleres. Por idades, contestaron maioritariamente as mulleres heterosexuais de todas as franxas de idade, seguida de homes heterosexuais entre os 45 e os 55 anos e persoas LGTB menores de 45 anos. O 82% das persoas que contestaron á enquisa traballan nun IES público, o 16% nun CEIP, e o 1% en CIFPs e en CPIs.

En canto aos eixos temáticos da enquisa, esta valora os estereotipos de xénero nos centros educativos, as vivencias de alumnado e profesorado respecto das desigualdades de xénero, a formación e os plans e igualdade nos centros e a realidade da igualdade na sociedade.

Respecto dos estereotipos ou prexuízos nos centros educativos sobre cuestións relacionadas coa igualdade de xénero, tanto mulleres heterosexuais, como homes heterosexuais e persoas LGTB, consideran que existen e se producen principalmente entre o alumnado, seguido das familias, e por último entre o profesorado. Os homes teñen unha menor percepción de que se produzan que o resto dos grupos.

Respecto da participación igualitaria de rapazas e rapaces nas aulas, o 64,8% do total de participantes considera que si hai unha participación igualitaria. Porén, a maioría dos homes (41,9%) e das persoas LGTB (39,4%) consideran que *si se produce, xa que non hai ningún motivo para que non sexa así*, mentres, a maioría das mulleres (36,1%) considera que, *si se produce é porque o profesorado favorecemos que todo o mundo participe por igual*.

En canto a se o alumnado deixa de facer algo no IES por ser muller, home, persoa trans ou non binaria, o 79,4% das persoas que participan na enquisa consideran que estas situacións si se producen por diversos motivos: por evitar insultos ou comentarios do resto do alumnado ou do profesorado, por falta de apoio familiar ou por non perder amizades. A maioría das mulleres (42,6%) e das persoas LGTB (39,4%) consideran que *si, por evitar insultos ou comentarios do resto do alumnado*; mentres a maioría dos homes (32,6%) valora que estas situacións non se producen. Algúns dos exemplos que achegaron as persoas que participaron na enquisa respecto dos estereotipos que perviven son :

- O alumnado non cre n ruptura da fenda salarial. Tamén hai comentarios despectivos referente aos homes homosexuais. Algunha vez teño escoitado comentarios machistas entre o alumnado que me levan a pensar que o puideron escoitar na casa
- Observamos conductas LGTBIfóbicas
- O machismo e feminismo son opostos e igual de prexudiciais
- Uso de insultos homófobos entre o alumnado, chistes homófobos entre o profesorado masculino, ridiculización da linguaxe inclusiva.
- Sensación entre un certo perfil de alumnado e familias de que "agora os homes están perseguidos" ou "non se poden xa facer bromas coas mulleres"
- Xogos separados no recreo, grupos de alumnado non mixtos nas actividades lectivas etc.
- Hai micromachismos e machismos instalados nas familias que reproduce o alumnado, e entre o profesorado danse situacións de micromachismos e comentarios sexistas
- Nalgunha enquisa as rapazas protestaron porque profesorado do centro facía comentarios sexistas na aula; de cando en cando se escoitan comentarios do tipo “non se pode bromear con nada”, entre o profesorado masculino, entre algunha compañeira comentarios na mesma liña. E nos rapaces a utilización de xeito despectivo de termos relativos á orientación sexual, maricón como insulto entre os rapaces...
- É bastante habitual escoitar comentarios nos que se alude ás falsas denuncias e á suposta impunidade das mulleres.
- Os alumnos consideran que se fala demasiado desas cuestións e afloran prexuizos discriminatorios entre eles, como que machismo é feminismo son as dúas caras da mesma moeda.
- Cando se trata ou xorde esta cuestión en grupos mixtos acostuma a haber unha reacción por parte dos alumnos á defensiva e unha actitude moi diferente por parte das alumnas rapazas. No peor dos casos convértese nunha 'guerra de sexos' onde eles monopolizan o debate e elas case non conseguen facer uso da palabra.

No eixo temático sobre as vivencias de alumnado e profesorado respecto das desigualdades de xénero, o 19% das persoas que participaron na enquisa presenciaron con frecuencia no instituto comentarios negativos, insultos ou burlas contra o alumnado, o 55% poucas veces, e 24% nunca presenciou conductas deste tipo.

Dos datos recollidos desprédese que quen máis agresións profiren son os alumnos, seguidos das alumnas, os profesores, as profesoras e as familias. En canto a que tipo de agresións se producen, considérase que son os alumnos os que profiren maioritariamente insultos e bromas, mentres as alumnas fan bromas e xeran illamento, respecto dos profesores e profesoras considérase que fan bromas inapropiadas cunha porcentaxe lixeiramente maior entre os primeiros (19% fronte ao 13%).

Arredor do 50% das persoas enquisadas considera que os insultos e as bromas recíbenos maioritariamente as alumnas, o alumnado LGTBI e o alumnado migrante ou racializado, en canto as agresións físicas sófrenas maioritariamente os alumnos (29%) e o acoso sexual as alumnas (20%).

As persoas que participaron na enquisa puntualizaron o seguinte sobre as agresións ao alumnado.

- Son códigos pseudo-normalizados que se mal interpretan como "bromas" sen ser.
- O acoso sempre vai dirixido ao alumnado vulnerable independentemente das súas características.
- Hai colectivos de alumnado máis vulnerable pola súa condición persoal que se acaban illando porque non encaixan co resto de compañeiras e compañeiros. Falo principalmente do alumnado TEA ou TDAH que soen ter problemas para relacionarse.
- As alumnas cis hetero son vítimas cando se posicionan como feministas e cando exercen a súa sexualidade libremente.
- As alumnas reciben bromas de carácter sexual moitas veces ou comentarios ferintes que tamén se fan como en xeral pero van dirixidos a elas.
- En xeral percibo un ambiente de violencia contida nos institutos, no que todo se disfraza de broma para levar a cabo agresións verbais, insultos...
- As veces os insultos ou bromas fanse dende a amizade, trátanse mal entre elas e eles, e din que é normal, aínda que a min non mo parece. Parece que teñen interiorizado que está ben tratarse mal entre persoas que se aprecian.
- Mais que agresións son faltas de respecto. Moitos dos nenos (con maior tendencia a ter conflitos) faltan en maior medida ao respecto ás mestras que aos mestres. Tamén hai unha gran falta de formación antirracista entre o profesorado, deixando ver moitos estereotipos cara ao alumnado estranxeiro. (imitar acentos, identificalos constantemente pola súa nacionalidade...) sobre todo comentarios inapropiados e bromas
- A maioría das agresións camúflanas con bromas e a propia vítima defende ao agresor.
- No rural, onde a diversidade é moito menor que noutros lugares, soen ser agresións na maior parte dos casos que transcorren nun nivel moi soterrado. Isto implica que as persoas pertencentes ao colectivo LGTIBQ+ non sexan visibles. Hai un silencio sobre situacións afectivo sexuais non normativas que tradúcese nunha presión social forte.

Cando se pregunta polas agresións cara ao profesorado, a maioría das mulleres enquisadas considera que son elas mesmas as que as reciben en maior medida, mentres que a maioría dos homes considera que tanto mulleres coma homes as reciben por igual. Ambos grupos considera que en segundo lugar son as persoas LGBT as que mais agresións sofren. En canto ao tipo de agresión, son principalmente bromas e insultos que profiren alumnos, aínda que tamén son significativos os datos de insultos e ameazas que proveñen das familias.

Os participantes consideraron as seguintes observacións en canto ás agresións ao profesorado:

- Apréciase máis respecto cara as figuras masculinas, e nalgún caso teñen comentado de escoitar comentarios do alumnado acerca de profesoras como, "está tola", tachar de "feas" e "mal folladas".
- Casos illados pero familias que perden os papeis e fan comentarios fóra de lugar.
- As profesoras teñen que gañar a autoridade e o respecto. Ata gañalo soportan comentarios, bromas, desprezos, que os profesores non reciben.

- Unha vez un alumno chamoume “puta” na aula e cando o chamei ao orde zafouse de min empuxándome. Case me tira.
- Hai anos había tendencia por parte dalgúns profesores a “tocar” demasiado e innecesariamente a certas profesoras entre elas eu. Hai anos que iso non o vexo posto que eses profesores ou marcharon do centro ou se xubilaron... por sorte.
- Comentarios do estilo de se non tes fillos non podes comprender ou ben se fora home o profesor sabería levar a clase.
- Alumnos que cando se lles reprende non aceptan a situación e súa frustración tradúcese en insultos.
- Como me poñas un parte vai vir miña nai...
- Non son agresións como tal, simplemente non fan o mesmo caso ás ordes que lles da un mestre ca unha mestra, creo que pensan que son inferiores
- No momento que se poñen límites ou se dan indicacións ou non se permite realizar algo que prexudica á comunidade educativa, hai reaccións agresivas como empurróns, insultos como “zorra ou puta” ameazas como “te voy a reventar la cara” “se cual es tu matrícula”, entre outras...
- Carencia dunha boa educación na casa e de bos exemplos a seguir.
- Chancear co aspecto físico dicíndolle a una profesora que “hoy vienes muy guapa” en ton irónico.
- O mesmo que antes, hai pouca marxe de mellora se a propia Consellería ten normalizado este tipo de agresións. Dubidamos sempre das vítimas, revitimizamos e os agresores nunca teñen consecuencias.
- Preguntas que tratan de ridiculizar ao profesorado e bromas relacionadas co físico, fundamentalmente.
- Agresións verbais machistas, homófobas e xenófobas
- Alumnos/as criticando profesoras porque pensan que non saben tanto.
- No caso da agresión física tomáronse medidas, porén no caso do acoso sexual, non. Mitigouse coma un acto illado.
- Eu vivín en primeira persoa ameazas de violencia física dun alumno e ameazas da dirección dun centro por eu empregar linguaxe inclusiva non binaria.

Nas cuestións nas que se valora a formación e a situación dos plans de igualdade nos centros educativos atopamos que mais do 60% de todos os grupos enquisados indicar coñecer o plan de igualdade do seu centro, con todo a idea maioritaria entre os homes e as persoas LGTB e que “*é adecuado, responde ás necesidades do centro*”, namentres que a maioría das mulleres considera que “*é insuficiente e debería tratar máis aspectos*”.

Máis do 50% das persoas de tódolos grupos enquisados indican que contan con formación especializada en igualdade de xénero, “*porque a fixeron pola súa conta*”, mais do 60% considera que “*precisa mais formación sobre esta temática*”, e entorn o 50% indica que o seu centro organiza obradoiros ou actividades para promocionar a igualdade de xénero ou o feminismo “*pero gustaríalles que houbera máis porque son necesarios*”. Maioritariamente non se separa por sexos nas actividades sobre igualdade de xénero, 55% das respostas delas o 32% *non o considera oportuno*, e ao 23% *non lle parecería mal probar*.

Sobre se cren que existe algunha dificultade á hora de falar nos IES sobre o machismo e o feminismo, a metade dos homes enquisados di que *“non hai dificultades, e se senten libres para propoñer calquera tipo de actividade sobre Igualdade”*, porén case a metade das mulleres e o 39% das persoas LGTB, consideran que *“si existe dificultade por mor da falta de formación do profesorado en temas de Igualdade”*, e o 45% do colectivo LGTB considera que a maior dificultade *“é o medo a que se vexa como un acto político”*.

Respecto do tipo de accións que promoven o centro se o alumnado sofre unha agresión por cuestión de xénero, a resposta maioritaria en todos os grupos é que *“existen puntos focais ou referentes aos que o alumnado pode recorrer para denunciar a situación”*, seguida de *“existe un protocolo específico para tratar este tipo de situacións”* e *“cando se dá unha situación así, debe tratarse o tema na aula para que isto non volva ocorrer”*, por último un 17% do profesorado enquisado indica que *“esas situacións non se dan nos seus centros”*

Cando se pregunta de forma xeral se cren que existe discriminación por xénero no seu instituto a resposta maioritaria é que non, en todos os grupos enquisados.

Entre as propostas do profesorado para mellorar a convivencia entre xéneros no seu centro atopamos as seguintes:

- Co traballo entre iguais e o empoderamento do alumnado en temas de identidade
- Coa formación continua dende etapas temperás
- Que mellore a situación laboral e familiar de alumnado, profesorado e familias.
- Traballar o respecto polas persoas sen separar por xéneros, identidades,... Este ano son titora de 3º ESO e o alumnado trasladoume, en xeral, o cansazo de ter que seguir escoitando acerca do feminismo vs machismo, a pesares de que considero que queda moito por traballar. Vexo que hai que educalos en valores, sobre todo o respecto polas persoas que non pensan, senten, ou viven igual ca nós.
- Mellorar a formación e sensibilidade do profesorado. En xeral, é un asunto temido a causa das grandes eivas de coñecemento e a abundancia de prexuízos.
- A implicación das familias na formación en igualdade, pero é difícil porque non asisten ás formacións deseñadas para elas.
- Retirar os teléfonos móbiles de verdade (aunque a lei os prohíbe isto na práctica non ocorre)
- Formación de calidade e máis psicólogos nos centros
- Grupos alumnado/profesorado máis pequenos, coordinación entre profesorado
- seguir formando en igualdade
- Seguir traballando no día a día sobre a igualdade, tanto na propia aula como a través de obradoiros.
- Integrar as actividades de igualdade e inclusión do colectivo nas Programacións Didácticas.
- Implantar unha materia obrigatoria de coeducación coa mesma carga horaria que as materias estruturais (linguas, matemáticas, etc.). Na FP incluír, igual que temos FOL, un módulo obrigatorio de igualdade.

- Formación para o alumnado prolongada no tempo e focalizarse no traballo cas masculinidades. Non era especialmente partidaria da separación por xéneros nos obradoiros mais vexo que funcionan e son espazos fundamentais, aínda que pode supor un inconveniente para o alumnado que está no proceso de configuración da súa identidade de xénero.
- Acabando co patriarcado e a masculinidade tóxica
- Vixiar condutas inapropiadas para actuar rapidamente
- Xornadas específicas con certa recorrencia e que dera pé ao debate de xeito que fora unha temática que ocupase espazo na vida da xente.
- Deixar de falar de que se un é A e os outros son B. Todo son persoas e deben tratarse por igual.
- Non hai que facer bandos. Non ten sentido facer equipos.
- Hai que loitar entre todos por alcanzar o éxito escolar en tódolos ámbitos non so no académico e deixar de facer equipos
- Non facer máis equipo dividindo á xente
- Respecto por calquera persoa sexa quen sexa, do mesmo xeito ca por min mesma
- Facer moitas máis actividades na propia aula, como elemento transversal, deixando os contidos de lado durante un tempo moi bo investido en formar persoas moito máis tolerantes.
- Formación obrigatoria ao profesorado con esixencia de aplicación nas aulas.
- Poñer o foco na educación dos alumnos varóns: hai un abismo entre eles e elas.
- O profesorado debe dar exemplo e facerse moi consciente da linguaxe que utiliza na aula.
- Pois temos que formar ao profesorado, empoderar ás alumnas e promover novas masculinidades.
- Menor rateo para poder atender problemáticas importantes. Máis coordinación entre o equipo docente. Maior formación ao profesorado e alumnado. Maior participación do alumnado na toma de decisións ante problemas que lles afectan
- Formación de calidade e máis implicación do profesorado

Nas repostas sobre a realidade da igualdade na sociedade, o 61% considera algo positivo o fortalecemento do movemento feminista, o 52% considera positivamente o respecto polos dereitos das persoas LGT, mentres o 66% non esta dacordo co uso dunha linguaxe inclusiva como alumno, alumna e alumne constantemente; fronte a un 14% que o considera positivo. Entorno o 35% das persoas enquisadas gustaríalles facer algo para cambiar o auxe da ultra-dereita nos medios, o discursos e actos racistas e o crecemento do machismo na sociedade e preto do 40% consideran estas cuestións como algo negativo.

No tócate aos factores que se identifican como os mais influíntes nos comportamentos a favor ou en contra do feminismo ou a igualdade de xénero nos centros, as persoas que participaron na enquisa valóranos de maior a menor influencia do seguinte xeito: as redes sociais, as amizades, a familia, os medios de comunicación, os partidos políticos, o profesorado (no caso do alumnado), o alumnado (no caso do profesorado), son ideas propias construídas por cada persoa.

Por grupos de participación os resultados amósanse na seguinte gráfica:

